



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2016 LICENCIADO/A SANITARIO

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Galego**" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folha autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinala a opción incorrecta:

- A) Quórum.
- B) Búmerang.
- C) Hóckei e béisbol.
- D) Convoi.

2. Sinala a opción correcta en galego:

- A) En medicina nuclear, a colimación consiste no proceso de restrinxir a detección de radiacións emitidas por unha área de interese determinada.
- B) En medicina nuclear, a colimación consiste no proceso de restrinxir a detección de radiacións emitidas por un área de interese determinado.
- C) En medicina nuclear, a colimación consiste no proceso de restrinxir a detección de radiacións emitidas por unha área de interese determinado.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta en galego normativo.

3. Sinala a opción correctamente escrita en galego:

- A) Unha adenectomia é unha extirpación cirúrxica dunha glándula ou ganglio. Tamén se refire a escisión de tumores de natureza adenoide.
- B) Unha adenectomía é unha estirpación cirúrxica dunha glándula ou ganglio. Tamén se refire a escisión de tumores de natureza adenoide.
- C) Unha adenectomía é unha extirpación cirúrxica dunha glándula ou ganglio. Tamén se refire a excisión de tumores de natureza adenoide.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

4. Sinala a opción correcta en galego:

- A) A radiodermatitis é unha dermatitis causada pola incidencia de radiacións sobre a pel.
- B) A tirotropina é unha hormona de natureza glucoproteica da hipófise anterior, que exerce unha acción estimulante sobre a glándula tiroide. Tamén se di TSH.
- C) A tiroide é unha glándula de secreción interna, impar situada na parte anterior e inferior da larinxe, formada por dous lobos unidos por un istmo, que se sitúan a ámbolos dous lados da tráquea. Orixínase a partir da bolsa farínxea embrionaria, ten consistencia mol e un cor avermellado e no adulto pesa uns 60 gramos. Se aumenta de tamaño produce un relevo no pescozo coñecido co nome de bocio.
- D) Ningunha das opcións anteriores está ben escrita en galego.

5. Sinala a opción correctamente escrita en galego:

- A) Unha ptialectasia é unha dilatación cirúrxica ou patolóxica dos conductos das glándulas salivares.
- B) Unha ptialectasia é unha dilatación cirúrxica ou patolóxica dos conductos das glándulas salivares.
- C) Unha ptialectasia é unha dilatación cirúrxica ou patolóxica dos condutos das glándulas salivares.
- D) Unha ptialectasia é unha dilatación cirúrxica ou patolóxica dos condutos das glándulas salivares.

6. Cal é a opción correcta?

- A) Bisturí/bisturíes.
- B) Lápiz/lápices.
- C) Irmá/irmáns.
- D) Todas as anteriores son incorrectas.

7. Sinala a opción correcta:

- A) O contenedor do lixo estaba cheio e non puiden botar a bolsa nel.
- B) A contenedora do lixo estaba cheia e non puiden botar a bolsa nela.
- C) O contedor do lixo estaba cheio e non puiden botar a bolsa nel.
- D) Ningunha das opcións anteriores está ben escrita en galego.

8. Marca cal das seguintes formas verbais está correctamente conxugada:

- A) Traduzo, traduces, traduze, traducimos, traducides, traducen.
- B) Cambeo, cambeas, cambea, cambiamos, cambiades, cambian.
- C) Caia, caias, caia, caiamos, caiades, caian.
- D) Cabo, cabes, cabe, cabemos, cabedes, caben.

9. Cal é a opción incorrecta?

- A) Campesiño.
- B) Doctrina.
- C) Peregrino.
- D) Ultramarino.

10. Cal é a opción correcta?

- A) A dóse.
- B) A síntese.
- C) A diocese.
- D) Todas as opcións anteriores están mal escritas en galego.

Preguntas de reserva

1. Sinala entre as seguintes a opción incorrecta:

- A) Escea.
- B) Edicto.
- C) Adscrición.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

2. Sinala a opción correcta:

- A) Abdomen.
- B) Ditamen.
- C) Glute.
- D) Dolme.